

Sr/a. Alcalde/sa-Presidente/a

Santiago de Compostela, a 6 de maio de 2015

Pola presente remitimos información sobre o 'Sistema CLAVE' de autenticación, que permite as persoas físicas dispoñer dos servizos electrónicos de determinadas administracións públicas (polo de agora, só da Administración Xeral do Estado) para acceder a datos do propio interesado.

Desde a Fegamp entendemos que pode ser interesante a difusión deste sistema entre os veciños dos concellos para facilitarlles o seu desenvolvemento profesional e mellorar, en xeral, a súa calidade de vida, nunha sociedade cada vez máis informatizada.

O 'Sistema CLAVE', que complementa os servizos de DNI Electrónico e de Certificado Dixital, permite por exemplo pedir unha cita médica, presentar a Declaración da Renda, solicitar un informe da vida laboral, pedir un informe das bases de cotización, solicitar a tarxeta sanitaria europea, coñecer a evolución dunha pensión, consultar os puntos e antecedentes na DXT, consultar e certificar datos catastrais, solicitar cita previa nunha oficina da Seguridade Social, etc...

Neste momento están incorporadas a este sistema a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, o Instituto Nacional da Seguridade Social, o Instituto Social da Mariña, a Dirección Xeral do Catastro, a Dirección Xeral de Tráfico e o Ministerio de Industria.

O sistema consiste na asignación a cada persoa física dun mesmo nome e contrasinal, que terán carácter permanente (pode convivir co PIN 24h da Axencia Tributaria), e que lle servirán para acceder aos datos seus en calquera das administracións antes referidas. Tamén disfrutará da vantaxe de poder acceder desde calquera dispositivo electrónico (tablet, teléfono móbil...), sen necesidade doutros complementos como o lector de tarxetas ou semellantes, e

pode utilizarse sen necesidade de Certificado Dixital. Iso si, algúns dos servizos (como a solicitude de cambios de domicilio) precisarán de clave de reforzo; é dicir, enviaranlles un SMS ao teléfono móbil cunha clave (aparte da permanente) para asegurar a identidade.

O interesado en obter o usuario e clave permanente para acceder ao 'Sistema CLAVE' deberá acudir en persoa as oficinas da Axencia Tributaria ou da Seguridade Social e aportar o DNI ou NIE e a súa data de validez, o seu número de teléfono móbil e unha dirección de correo electrónico.

Para evitar o desprazamento a esas oficinas das persoas que desexen acceder ao sistema, axuntamos un cadro no que poden rexistrar os datos de cada un dos interesados e que logo deben enviar á atención de Concepción Nieto Roig, Tesouraría Xeral da Seguridade Social- Subdirección Provincial de Xestión Recadatoria. O teléfono de contacto é o 881 909032 e o enderezo electrónico, concepcion.nieto@seg-social.es.

Os funcionarios da Tesouraría Xeral da SS acudirían logo a ese concello ou deputación, onde deben presentarse as persoas inscritas no cadro cos seus DNI ou NIE para asinar os correspondentes contratos diante deses funcionarios, que procederían á activación do sistema e resolverán as dúbidas que teñan os usuarios.

Axuntamos ademais información xeral sobre o 'Sistema CLAVE' e un listado dos servizos aos que se pode acceder con el, na actualidade, na sede electrónica da Seguridade Social (SEDESS).

Sen outro particular, e agardando que esta información sexa do seu interese, reciba un cordial saúdo.

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'José Manuel Rey Varela', is written over a horizontal blue line.

José Manuel Rey Varela
Presidente